



Rúbrica avaliación docente

	100 %	75 %	50 %	25 %
CA3.1 - Interactuar cos outros adoptando, de forma motivada e autónoma, condutas cívicas e éticas orientadas polos valores comúns, a partir do coñecemento dos dereitos humanos e dos principios constitucionais fundamentais, en relación con contextos e problemas concretos, así como por unha consideración crítica e dialogada sobre como debemos relacionarnos coas demais persoas.	Interactúa coas demais persoas adoptando condutas éticas e cívicas partindo dunha análise crítica e dialogada dos dereitos humanos e principios constitucionais fundamentais.	Identifica e describe en contextos concretos condutas incívicas a partir dos dereitos humanos e principios constitucionais fundamentais, e propón alternativas.	Identifica e describe condutas incívicas a partir dos dereitos humanos e principios constitucionais fundamentais.	Identifica condutas incívicas con dificultade, amosando un descoñecemento dos principios de convivencia do seu contorno próximo.
CA3.2 - Avaliar diferentes alternativas coas que frear o cambio climático e acadar os obxectivos de desenvolvemento sustentable, identificando causas e problemas ecosociais e	Xustifica con argumentos o deber ético de coidar a natureza propondo solucións a problemas ecosociais en prol da consecución dos	Identifica problemas ecosociais e as súas causas relacionando as accións individuais ou colectivas cos obxectivos de desenvolvemento	Identifica propostas ou alternativas posibles para frear o cambio climático a partir das accións individuais.	Recoñece problemas ambientais básicos pero sen propoñer alternativas para evitar o quecemento global.

xustificando argumentalmente, e de modo crítico, o deber ético de protexer e coidar a natureza.	obxectivos de desenvolvemento sostible.	sostible.		
CA3.3 – Comprometerse activamente con valores, prácticas e actitudes afectivas consecuentes co respecto, coidado e protección das persoas, dos animais e do planeta, a través da participación en actividades que promovan un consumo responsable e un uso sustentable do solo, do aire, da auga, da enerxía, da mobilidade segura, saudable e sustentable e da prevención e xestión de residuos, recoñecendo o papel das persoas, colectivos e entidades comprometidas coa protección da contorna.	Participa activamente en actividades de respecto e protección da contorna defendendo a necesidade do coidado e protección do planeta.	Recoñece o papel das persoas, colectivos e entidades comprometidas co coidado do medio ambiente próximo e adopta hábitos responsables acordes á protección da contorna.	Argumenta sobre a necesaria protección e coidado dos animais e demais seres do planeta.	Percibe a necesidade de coidar os seres vivos, pero sen modificar os seus hábitos e accións diarias.
CA3.4 – Xestionar equilibradamente pensamentos, sentimentos e emocións e desenvolver unha actitude de estima e coidado de si mesmo ou si mesma, das demais persoas e da contorna, identificando,	Expresa asertivamente as súas emocións e pensamentos adaptándoas ao contexto e realizando interaccións baseadas na reflexión ética e o respecto mutuo.	Identifica e expresa asertivamente os seus pensamentos, emocións e sentimentos recoñecendo e valorando positivamente as achegas das demais persoas.	Expresa opinións de xeito crítico e incorpora nas súas intervencións achegas de compañeiras e compañeiros.	Expresa a súa opinión, pero non ten en conta as opinións dos demais durante as interaccións.

analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e afectos e recoñecendo e valorando os doutras persoas, en distintos contextos e en relación con actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.				
--	--	--	--	--

Crédito da imaxe:

Elaboración propia (proxecto cREAgal) derivada de [Public Domain Vectors](#) da obra [Completar la lista de verificación \(CC0\)](#). *Lista de control* ([CC BY-NC-SA 4.0](#))



“Rúbrica de avaliación docente. REA03”, do proxecto *cREAgal*, publícase coa [Licenza Creative Commons Atribución Non-comercial Compartir igual 4.0](#)